

VIEIROS

Edición xeral

Cahiers Galiciennes

Por **Belén Martín**

O lectorado de galego da Université de Rennes-2 crea unha nova revista de estudos galegos que pretende ser un lugar de encontro das culturas galega e bretona. Belén Martín é a lectora de galego nesta universidade e coordinadora da revista.

- 08:59 28/02/2002

Este primeiro número de *Cahiers Galiciens* naceu da iniciativa do Lectorado de Galego da universidade de Rennes 2-Haute Bretagne. A finalidade era a de reunir artigos sobre Galicia e Bretaña, dous países por unha banda parellos e afastados por outra. Os temas tratados son do máis variado: literatura, etnografía, música, lingua, historia... A proposta de traballos está aberta a todos, a soa condición é que estean relacionados coas culturas galega e bretona. Neste primeiro número colaboraron dende xente especialista nos temas concretos tratados ata escritores de renome tanto bretóns coma galegos.

Os colaboradores deste número foron: Gérard Lelièvre, Xosé Miranda, Moncho Faílde, Manuel Rodríguez Fernández, Paco Martín, María Lopo, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Pêr Denez e Manuel María. A parte dos artigos temos a sección de creación, onde foron traducidos cara ó francés poemas galegos de Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Pura Vázquez, Fiz Vergara e Manuel María, así como os poemas en lingua bretona foron traducidos á nosa lingua.

A nosa intención é a de facer un segundo número, en vista da boa acollida que tivo este primeiro. Para posibles colaboracións cómpre dirixirse a este [correo electrónico](#).

Coord. Belén Martín Franco

Cahiers Galiciennes. Cadernos Galegos. Kaierou Galizek.

Núm. 1, 2001.

Centre d'Etude Galiciennes, Université Rennes 2

Sen ISSN.